



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE XULLO DE 2021, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. (23/06/2021)

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 23/06/2021, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, do texto do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vedra para o saneamento das parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase III. Concello de Vedra (A Coruña) cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.

Dáse conta do texto do novo convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Vedra, cuxo obxecto é establecer as condicións básicas para a colaboración entre os dous organismos, que permita acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no saneamento das parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase III. Concello de Vedra (A Coruña), a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a un millón trescentos mil (#1.325.000,00#) euros, distribuídos en dúas anualidades, de acordo co seguinte cadro de financiamento:

	AUGAS DE GALICIA	CONCELLO	TOTAL
EXERCICIO 2021	50.000,00	0,00	50.000,00
EXERCICIO 2022	1.010.000,00	265.000,00	1.275.000,00
TOTAL	1.060.000,00	265.000,00	1.325.000,00

Os gastos que se xeren na execución deste convenio terán dous tramos diferentes de financiamento:

1) A parte elixible do gasto será abonada por Augas de Galicia e financiarase pola Unión Europea, pola Xunta de Galicia e polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do seguinte xeito:

1.1.- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75%, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020. As actuacións enmarcaranse dentro do Programa de Desenvolvemento Rural na medida 07 “servizos básicos e renovación de poboacións en zonas rurais”, submedida 7.2 “apoio aos investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía”.

1.2.- Pola Xunta de Galicia nun 17,50%.

1.3.- Polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nun 7,50%.

2) A achega do concello de Vedra será da parte non elixible do gasto, cunha contía máxima de 265.000,00 euros.

Proponse:

PRIMEIRO.- Aprobar o citado Convenio de colaboración coa entidade pública empresarial Augas de Galicia para as obras consistentes no *Saneamento das parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase III. Concello de Vedra.*

SEGUNDO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Por parte da Presidencia engádese que é igual ao aprobado inicialmente, o que pasa é que a Consellería notificalles que a procedencia dos fondos por parte deles proveñen doutro fondo do que estaba establecido no primeiro convenio, pero polo demais todo é igual. Isto o que provocou foi atrasar a temporalización uns meses, co cal se no anterior o Concello este ano tiña que poñer unha parte, terá que poñela o ano que vén. É a única variación que ten.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que observan, efectivamente, que todo se pospón para o vindeiro ano. Augas de Galicia ía poñer 160.000 euros e o Concello 40.000 euros. Finalmente este ano pon 50.000 euros e o Concello nada, fiase todo ao



ano que vén unha obra desta envergadura. Ademais nunha das cláusulas pon que o Concello de Vedra aboará na conta que Augas de Galicia indica ao efecto no primeiro trimestre do exercicio 2022. Fían todo a que a Xunta de Galicia conte coa súa parte, ademais di a Presidencia que isto está financiado no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020. Efectivamente este marco estará caducado. Ao grupo do PSdeG-PSOE o que lle importa é que se leve acabo este investimento, polo que procurará estar atento. Tamén espera e insiste en que se siga por esta liña, porque é a Xunta de Galicia a que ten que asumir os maiores custos de prestar este servizo.

Insiste en que ademais ían vir eses Fondos Europeos e para este tipo de proxectos poden ter encaixe. Desde logo con isto non se acaba o saneamento en Vedra e precisase financiamento, pero tamén antes diso precisase unha planificación e esperan que a Presidencia lles informe de por onde se pensa continuar cando se termine con isto.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que van votar a favor posto que os veciños de Santa Cruz tamén son vedreses. Lembra á Presidencia que cando teñan todo solucionado e Santa Cruz sexa perfecta, o resto do Concello tamén ten necesidades.

A Presidencia responde que ninguén dubida de que é unha obra importante e necesaria, e agradece o apoio dos dous grupos da oposición.

No tema da denominación dos Fondos Europeos aínda que poñan 2014-2020 hai uns prazos de execución e xustificación que normalmente se atrasan tranquilamente dous anos, o que pasa é que con este ano de pandemia hai un máis de transición.

A cuestión non é que se fíe todo ao ano que vén, pero unha vez asinado o convenio, comeza a fase de adxudicación, que pode levar uns cuantos meses. A Presidencia calcula que para o verán que vén as obras estarán en execución.

Posta a votación o citado convenio, apróbbase por unanimidade dos asistentes.

3º.- Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual do PXOM denominada “Aliñacións, espazos públicos e delimitación nos núcleos de Quintáns, Texo, Os Muíños e Famelga”.

Dáse conta do informe da Comisión Informativa de Urbanismo e Plans do día 26 de xullo.

Considerando a necesidade e conveniencia con relación aos intereses públicos e privados concorrentes, de promover a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, aprobado por Orde do 30 de Xaneiro de 2007 (DOG número 30 do 12/02/07) e por Orde do 8 de maio de 2007 (DOG número 99 do 24/05/07), denominada “ALIÑACIÓNS, ESPAZOS PÚBLICOS E DELIMITACIÓN NOS NÚCLEOS DE QUINTÁNS, TEXO, OS MUÍÑOS E FAMELGA”, nos termos da documentación técnica redactada por Fermín González Blanco en calidade de arquitecto (Expdte. municipal núm.: 2019/X999/000018).



A modificación puntual proposta axústase ao disposto no artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

- Con data do 25/04/2016 emítase informe de Secretaría.
- Con data do 22/04/2016 remítase oficio ao órgano ambiental correspondente.
- Con data do 01/09/2016 publícase no DOG núm. 165 anuncio polo que se fai público o informe ambiental estratéxico, en cuxa resolución resólvese non someter a modificación puntual ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, sen ben deberán terse en conta as consideracións sinaladas no mesmo.
- Con data do 16/04/2019 solicítanse informes sectoriais da AXI, MINISTERIO DE FOMENTO e ADIF.
- Con data do 23/04/2019 emítase informe técnico.
- Con data do 29/04/2019 o Pleno do concello acorda a aprobación inicial da modificación puntual.
- Con data do 07/05/2019 solicítase do órgano autonómico competente a emisión dos informes sectoriais pertinentes, así coma da Dirección Xeral de Aviación Civil, Subdirección Xeral de Redes e Operadores de Telecomunicacións e Delegación do Goberno.
- O anuncio de aprobación inicial publicouse do DOG núm. 101 do 29/05/2019 e no xornal la Voz de Galicia do 13/05/2019.
- Con data do 29/07/2019 achégase alegación, con número de RXE 1243, por Ramón de Santiago Costa.
- Polo que respecta ao informes sectoriais, recibíronse os seguintes:
 - RXE número 592 de data 06.05.19, remitido por DEMARCACIÓN ESTRADAS DO ESTADO EN GALICIA
 - RXE número 651 de data 13.05.19, remitido por ADIF.
 - RXE número 758 de data 28.05.19, remitido por M. DE FOMENTO. SUBDIRECCIÓN GENERAL DE PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS Y TRANSPORTE.
 - RXE número 1131 de data 04.07.19, remitido por DIRECCIÓN GENERAL DE TELECOMUNICACIONES Y TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN.
 - SIRO000006332s1901735016 de data 10.07.19, remitido por SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO. ÁREA DE FOMENTO.
 - RXE número 1239 de data 26.07.19, remitido por M. DE FOMENTO. SUBDIRECCIÓN GENERAL DE PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS Y TRANSPORTE.
 - Data do 22.08.19, remitido por DIRECCIÓN GENERAL DE AVIACIÓN CIVIL.
 - Data do 07.11.19, remitido por DIRECCIÓN GENERAL DE POLÍTICA ENERGÉTICA Y MINAS.
 - SIR 201900000001982 de data 25.11.19, da DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO, remitindo informes de Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil do 06.06.19; Dirección



Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático do 11.06.19; Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 13.09.19; Instituto de Estudos do Territorio do 01.08.19; Axencia Galega de Infraestruturas do 29.05.19 e 21.06.19; Concello de Boqueixón do 20.06.19. Así mesmo solicitáronse os informes de Augas de Galicia e Dirección Xeral de Ordenación Forestal que non se recibiron.

-Con data do 27/08/2020 emítase informe polos servizos técnicos en relación cos informes e a alegación recibida.

-Con data do 21/05/2021 recíbese informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación provisional polo Pleno do concello, de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Polo exposto, propónse:

PRIMERO.- Estimar a alegación achegada con data do 29/07/2019 e número de RXE 1243, por Ramón de Santiago Costa, incorporándoa ao proxecto.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente o proxecto de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello denominada “ALIÑACIÓNS, ESPAZOS PÚBLICOS E DELIMITACIÓNS NOS NÚCLEOS DE QUINTÁNS, TEXO, OS MUIÑOS E FAMELGA”, nos termos do expediente tramitado e do proxecto redactado para tal efecto polo arquitecto Fermín González Blanco.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que cando viu que este asunto ía a Pleno resultáballe familiar e botando man da hemeroteca dos Plenos, observa que isto veu a Pleno por primeira vez no ano 2016. Pasaron cinco anos para rematar unha modificación que a Presidencia prometera que ía facer do PXOM, e non cre que fora isto o que prometera. Conclúe que a promesa que fixo a Presidencia no ano 2011 sobre a modificación do PXOM non é seria e que isto teno que corroborar por moi lenta que sexa a Administración, polo que o grupo do PSdeG-PSOE vaise abster.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo vai a votar a favor, pero engade que na súa primeira lexislatura a Presidencia levaba no programa a modificación do PXOM, é dicir, facer un PXOM novo. Na segunda lexislatura volveu a levar un novo PXOM. Na terceira lexislatura xa se decanta por un plan especial sen modificacións puntuais na estrutura do PXOM. Levan dous, case tres anos de lexislatura, e é a primeira vez que a Presidencia fai unha modificación, independentemente de que houbese polo camiño unha pandemia. É un problema que xa non sabe como denominalo, máis sabendo o



grave problema que ten este Concello co PXOM, que non é banal. Engade que é un dos elementos fundamentais que impiden o crecemento do concello de Vedra. Di que el entende que á Presidencia lle beneficie que o Concello se estea a despoboar, pero as promesas son para cumprilas. Entón xa que hai unha modificación en 10 anos votarán a favor.

A Presidencia responde que non van a empregar unha modificación puntual para facer un debate nun tema no que discrepan amplamente dos comentarios que fixeron no Pleno os dous grupos, que terán tempo no que queda de lexislatura de defender as súas posturas e que seguirán a incorporar e a levar a cabo modificacións puntuais do PXOM. Di que lle fai graza cando o BNG di que a Presidencia está interesada en que o Concello se estea a despoboar e que, evidentemente, non é así e cre que o leva demostrado dende hai tempo.

A Presidencia engade que esta modificación, que lle levou moito máis tempo do que lle gustaría, sempre a denominaron “modificación tipo” porque lles ía dar a medida dos informes dos técnicos da Xunta de Galicia neste tipo de cuestións, e que eles poden ter toda a vontade do mundo, pero hai unha lei e uns técnicos por enriba deles que informan do que a Presidencia propón. Dende a Alcaldía poden propoñer moitas cousas pero que se na Xunta non as aproban, non saen adiante.

Di que esta modificación xa lles dá moitas pistas de por onde poden ir os tiros e o que lles vai permitir facer modificacións máis ambiciosas, sobre todo unha que xa está enriba da mesa en relación do que son as propias aliñacións, un dos problemas máis grandes que hai nos núcleos do concello de Vedra. En calquera caso, nos dous anos de lexislatura que quedan terán máis debates sobre esta cuestión porque seguirán traendo modificacións ao Pleno.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, responde que se isto é como un modelo, non sabe como tivo que facer o PSOE para facer todo un PXOM do Concello, non sabe canto tempo lle levou. O que sabe é que unha modificación puntual, tan breve que só afecta a catro núcleos e que a Presidencia leva cinco anos dende que iniciou estes trámites, non sabe se de aquí a que acabe a lexislatura, que pensa ter feito. Estarán encantados de ver que pensa facer.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, responde á Presidencia que isto non é un tema a discutir, é un tema puramente empírico. Na primeira lexislatura a Presidencia comprométese cos veciños a facer un PXOM novo, na segunda lexislatura a Presidencia comprométese a facer un PXOM novo, na terceira lexislatura e actual comprométese a facer modificacións no PXOM a través de plans puntuais.

A estas datas a Presidencia debería ter unha planificación feita, debería terlle consultado nas parroquias aos veciños, debería ter un estudo de urbanismo, ver que facer co saneamento do concello neste novo crecemento. Non hai nada feito, e neste tema a Presidencia déixase ir, non lle importa porque vai a ter votos igualmente, pero a realidade é que ten promesas incumpridas, nesta materia e noutras máis, porque lle custa



tocar urbanismo, pero se a Presidencia leva tres lexislaturas que máis van a discutir, se non saben nin que tipo de urbanismo queren para o Concello. O grupo do BNG vaino aprobar porque é algo que hai que facer, é un dos temas esenciais para o concello, como outros moitos incluíndo ao saneamento, pero este é un tema principal para o desenvolvemento do concello, tanto que o PXOM modifica a vida do concello vinte anos. A Presidencia tivo a oportunidade e non quixo facer nada, é case delituoso.

A Presidencia responde que ten puntos de vista diferentes. Di que o Sr Pose segue a insistir a veces en argumentos tan bucólicos, como que o concello segue perdendo poboación, e que segundo lle consta á Presidencia o concello segue a ter a mesma poboación que cando chegou á Alcaldía, cousa que non pasa noutros Concello da redonda.

O Sr Pose Rodríguez fai unha apreciación sobre a resposta da Presidencia. Di que o concello ten a mesma poboación porque, entre outras cousas, a Presidencia mobilizou a toda a xente e a xente de fóra para que se empadroasen. Engade que a Presidencia está causando certos problemas a familias, que debería telo moi en conta cando fan esas campañas, xa que se quedan sen subsidios porque de repente teñen que estar empadroados durante tres anos. A Presidencia sabe perfectamente por que se mantén a poboación, xa que ten unha xente detrás dela, pero a realidade é que convence á xente para que se empadroe aínda que familias se queden sen subsidios.

A Presidencia responde que non vai discutir isto nin é o momento de debater esas cuestións, pero si lle di ao voceiro do BNG que está en total desacordo con el. Que xa terán un debate profundo sobre o PXOM onde se falarán de todas estas cuestións e contrastarán as súas opinións.

Posta a votación, apróbase con dez votos a favor do PP e do BNG e tres abstencións do PSdeG-PSOE.

4º.- Acordo, se procede, da modificación do contrato de prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) por incremento do prezo/hora.

Dáse conta do escrito presentado por Atendo Calidade núm. 202199900000400, de data 16 de xuño, no que expoñen que as circunstancias actuais do servizo provocan un desequilibrio económico que sufriron no período ordinario do contrato, polo que solicitan a aprobación do incremento do prezo do servizo establecéndose en 16,00 euros/hora, achegando estudo económico xustificativo.

Visto o informe xurídico ao respecto con pronunciamento favorable a dita solicitude.

Visto así mesmo o estudo económico e, en base ao cal se está licitando actualmente a prestación do citado servizo.

Proponse:



Incrementar o prezo/hora do Servizo de axuda no fogar (SAF), prestado pola empresa Atendo Calidade, S.L, a 16,00 euros/hora, ata a adxudicación do novo contrato en proceso de licitación.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta á Presidencia se non se trata dunha modificación do contrato.

A Presidencia responde que se trata simplemente da modificación do prezo/hora.

A voceira do PSdeG-PSOE di que a Presidencia solicita que se lle paguen 16 euros/hora máis IVE, que supón que é do 21%, o que vén dando 19,40 euros/hora.

A Presidencia matiza que o IVE é do 10% para libre concorrência e do 4% para dependencia.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta se esta modificación do prezo/hora vai repercutir nas melloras que ían percibir as traballadoras acordado no seu día. Porque se ben é certo que non entrou a nova empresa, a que está prestando o servizo actualmente como non lle quixeron prorrogar no seu día, teñen obrigación de prestar o servizo durante nove meses.

Quere denunciar é a falta de previsión. A Presidencia ten tres concelleiros con dedicación exclusiva, non sabe cantos lle van facer falta ou é que faltan técnicos nas oficinas. Entenden que nisto non se lle pode botar a culpa á pandemia e volve a preguntar se isto vai a repercutir nas melloras para as traballadoras.

A Presidencia responde que cre recordar que o acordo que teñen cos sindicatos é que as melloras se implementen no momento en que haxa a nova adxudicación porque é onde veñen realmente recoñecidas esas subidas. O prezo que solicita é bastante inferior ao que vai ser a da adxudicación finalmente, porque o prezo de saída cre que está en 18 euros/hora máis IVE o primeiro ano, e o último ano en 20 euros/hora máis IVE. Di que imaxina que a nova adxudicación nun prazo de tres meses debería estar xa operativa.

A voceira do PSdeG-PSOE di que o seu grupo se vai abster. Solicita que a Presidencia sexa máis dilixente e cumpridora, que ten unha serie de obrigas e non se pode pasar por alto esta serie de erros.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo tamén se vai a abster e que isto é o resumo dunha chapuza.

É unha empresa a que solicita este incremento e unha empresa ten que asumir unha serie de riscos, unhas veces gañan e outras veces perden. Imaxine que houbo un salto tecnolóxico de calquera tipo que lles permitise reducir o custo, pregunta se esta empresa escribiría unha carta ao concello solicitando que se lle desen menos cartos porque resulta que aforran diñeiro. Cando a empresa perde o público soporta, pero cando a



empresa gaña o público non se beneficia, e iso non está ben. Se cada vez que perden o concello cubre con cartos públicos así calquera é empresa.

Dende a Presidencia fanse dous matices importantes. O primeiro é que neste servizo a empresa non pode decidir seguir ou marchar. En segundo lugar quere defender o labor do persoal.

Houbo un recurso que ninguén esperaba, que é o recurso dunha asociación de empresas que se dedican a isto, establecida en Madrid, que presenta un recurso ao TACGAL. O TACGAL ao mes resolve que o concello ten a obriga de paralizar e consideran que hai algo nas bases que se ten que cambiar. Todo isto supuxo un atraso de tres ou catro meses que é o que os leva ata aquí. A estas alturas, abril-maio, xa debería estar adjudicado o novo servizo. Di que non é culpa de ninguén pero que si provoca estas circunstancias que se intentaron resolver o mellor e antes posible.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, responde que non se trata de culpas, que o que se trata é de responsabilidades. A Presidencia di “non é culpa de ninguén”, pero ela di que si hai un responsable máximo, o Sr. Alcalde, porque sabíase que caducaba o contrato o vinte de setembro e a Presidencia pensou que non lle ían aprobar a prórroga. Sabendo iso non poden esperar ata xaneiro para sacar a licitación. Os atrasos que houbo non foron culpa dos técnicos, que a responsabilidade é do equipo de goberno por non prevelo. Se non pensaba prorrogarlle á empresa terían que terse posto co expediente no seu momento e dende logo que dende o seu grupo non culpan a ningún traballador.

A Presidencia responde que non dixo iso. Nunha cousa dálle a razón á voceira do PSdeG-PSOE, sempre o responsable máximo do concello é o Alcalde, outra cousa é que teña a culpa ou non.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco abstencións do PSdeG-PSOE e BNG.

5º.- Acordo, se procede, sobre designación dos dous festivos locais para o ano 2022.

Dáse conta da comunicación da Consellería de Emprego e Igualdade interesando a designación dos festivos locais para o vindeiro ano.

Dado que Santa Baia no ano 2022 (10 de decembro) coincide en sábado, propóñense como festivos locais o día do Patio (19 de setembro) e o día da Ascensión (26 de maio).

A Presidencia di que a pesar dos debates que sempre tiveron, manteñen o día O Patio e a Santa Baia, pero que tamén ten coincidido nas lexislaturas que levan gobernando que algunha vez Santa Baia cae en fin de semana, e que cando é así pásase a outro festivo que é a Ascensión.



Para o ano que vén coincide Santa Baia en sábado, e por tanto a proposta da Presidencia é o día do Patio, luns 19 de setembro, e a Ascensión, xoves 26 de maio como festivos para o ano 2022. Esa é a tese do Partido Popular, que cando coincida a Santa Baia en fin de semana, se pase para a Ascensión.

Dona Beatriz Amenal, voceira do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vai votar a favor. Esta fora unha proposta que lle fixeran no seu día á Presidencia, porque a Ascensión é unha festa que todos os veciños de Vedra viven moi de cerca, xa que están ao lado de Santiago. Ademais que os pais que teñen nenos escolarizados, esperan que para o ano se poida gozar das atraccións. Quédalle pena e gustaríalle que se contemplase, que a festa das Dores de Vedra, sendo unha festa que reúne a todos os veciños de Vedra, cre que algún ano debería ter algún día festivo, aínda que nese momento os nenos non teñan escola, gustaríalles que se tivese en conta.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo xa non discute sobre este tema e que se van a abster.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dúas abstencións do BNG.

6º.- Acordo, se procede, sobre a moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para declarar o Concello de Vedra como zona de liberdade para as persoas LGTBIQ.

Dáse conta da citada moción presentada polo polo Grupo Municipal Socialista, na que expoñen que debido aos discursos homófobos promovidos polos partidos de extrema dereita, a situación actual nalgúns países a comunidade LGTBIQ está sendo aterradora, sufrindo o aumento da súa persecución e das agresións fóbicas, chegando incluso a producirse no noso país un dos máis pioneiros en promover os dereitos do colectivo LGTBIQ.

Vista a Carta de Dereitos Fundamentais da UE, así como o Tratado da Unión Europea, a Convención Europea dos Dereitos Humanos e a xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, a Declaración Universal de Dereitos Humanos, a Resolución do Parlamento Europeo sobre a declaración da UE como espazo de liberdade para as persoas LGTBIQ e a Resolución do Concello de Lisboa sobre a declaración da cidade como espazo de liberdade para as persoas LGTBIQ consideran que os dereitos destas persoas son dereitos humanos e que o dereito á igualdade de trato e á non discriminación é un dereito fundamental recollido nos mesmos.

A loita contra a desigualdade na UE é unha responsabilidade compartida que require esforzos e accións en todos os niveis de goberno e, en particular, por parte dos organismos locais e rexionais, aos que lles corresponde un papel importante.

Segundo datos proporcionados polo Observatorio contra a homofobia dende o 1 de xaneiro de 2021 rexistráronse 77 incidentes, polo que solicitan:



1º.- Instar ao Pleno da Corporación a declarar o Concello de Vedra como zona de liberdade para as persoas LGTBIQ.

2º.- Comprometerse coas políticas públicas para promover e protexer os dereitos das persoas LGTBIQ.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que hai cousa dun mes, todos espertaron cun acontecemento na Coruña, do asasinato dun rapaz a paus con gritos homófobos. Aínda que está por dilucidar se ten ese agravante ou non, cre que todos se senten consternados co que está a pasar preto de nós. Unha animalada dese calibre e o pouco respecto cara ao que é diferente. Queren dende o seu grupo que o concello dea unha resposta contundente de respecto e non discriminación, porque unha persoa non ten que compartir a maneira de vivir destas persoas, pero non vulnerar a liberdade de ninguén nin coaccionalos, ademais dunha maneira moi covarde. Dende o seu grupo pide o apoio para que isto sexa contundente, incluso dándolle publicidade no Boletín.

Don Manuel Costa, do PP, responde que o seu grupo vai votar a favor desta moción, se ben entenden isto como unha reafirmación pública neste Pleno, que representa á veciñanza de Vedra, de algo que o grupo de Goberno comparte e entende que o PSdeG-PSOE e o BNG tamén, e que non só aparece recollido dentro dos tratados da UE dos dereitos humanos aos que se aluden na moción, senón que tamén na propia Constitución española no artigo 14 recóllese que “todos os españois son iguais ante a lei sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición a circunstancia persoal ou social”.

A mesma Constitución no artigo 14.2 e o Estatuto de Autonomía de Galicia no artigo 4.2 di “que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para a liberdade e igualdade dos individuos e grupos nos que se integran sexan reais e efectivas”. Ademais en Galicia a Xunta aprobou no 2014, co obxectivo de garantir a igualdade de trata e de combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, a Lei 2/2014. Polo tanto o seu grupo entende que como administración local e dentro das súas competencias si deben cumprir con esa normativa e darlle todo o valor, xa que por desgraza, hai cousas que non se están a cumprir de todo na práctica. Tamén que como se comenta no preámbulo da moción sobre agresións de LGTBI fobia en relación ao lamentable caso da Coruña, o seu grupo condena eses feitos como calquera outro tipo de violencia, independentemente dos motivos que sexa. Di que o que está claro é o terrible que é o asasinato dunha persoa e cre que a situación está fóra de control.

O Sr. Costa di que cre que cabería engadir no 1º punto, cando se fala de Vedra como zona de liberdade para as persoas LGTBIQ, para todas as persoas, independentemente da súa identidade de xénero ou orientación sexual, porque se non parece que odian á outra parte da poboación. É unha zona de liberdade e el cre que nese ámbito e nese espírito nesta corporación e todos os grupos que a representan e a representaron, son un bo exemplo desa situación, quere entendela así e por iso felicita a todo o mundo.



O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, respóndelle que zona de liberdade para todo o mundo xa o é, que sen entrar en ningún tipo de polémica, a moción é como é. Non é unha cuestión de liberdade en xenérico, senón a un sector da poboación que ten un serio problema e é unha moción para apoiar ese sector, se collen e xeneralizan esta moción desvían a súa función. É unha moción para apoiar un colectivo en particular, independentemente de que lle gustaría doutra maneira, oponse totalmente a que se toque unha sola coma e máis nese tema.

O Sr. Costa fai dous matices. O primeiro, que dixeron que a ían aprobar, que non é un tema de discusión. En segundo lugar, evidentemente, que o Sr. Pose Rodríguez ten a súa percepción e el ten a súa. El dicía as persoas independentemente da súa identidade e orientación sexual porque cre que é o que vale, pero que iso non vai a ser un motivo para non apoiala.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que o seu grupo obviamente vai apoiar a moción e que lle parece unha moción moi necesaria. Que non só pasou o caso deste rapaz, que é unha pena, senón que unha semana antes houbo tamén unha agresión a unha parella, houbo outra agresión en Santiago esa mesma fin de semana, hai agresións continuas. Di que ela ten a gran sorte de que parte dos seus amigos pertencen a este colectivo, entón entende perfectamente o que están pasando, o que pasaron e o que lles queda por pasar. Ela considera que neste concello o que se precisa, ademais de declarar isto, é facer accións directas. Xa o pediu no anterior Pleno e cre que hai que facer xa accións, xa para o ano, non esperar ao mes de xuño, porque pódese dicir que se apoia pero na realidade non se nota. Ata o ano pasado non se poñía en ningún lado e este ano púxose a bandeira porque viña da Deputación. Espera que se toma nota e se comece a traballar nese aspecto.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, insiste en que para eles é importante que estas palabras consten aquí, porque hai veciños e veciñas de Vedra que pertencen a este colectivo e non queren velos con medo. Cre que teñen que facer fincapé, por suposto que eles tamén condenan calquera tipo de violencia, pero o que está pasando é que tamén afecta a veciños e queren que conten con este apoio específico.

Posta a votación, apróbbase por unanimidade.

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ao problema co punto de servizos para autocaravanas, di que non teñen ningún problema, que pensan facelo pero que non entra dentro das súas urxencias ou prioridades, pero o certo é que teñen que facelo e esperan dotalo o máis pronto posible.



2º.- Respecto ao informe onde se indique a porcentaxe de extensión do saneamento e abastecemento das parroquias de Vedra, ten que dicirlle que aínda non o ten feito pero comprométese a darlle os datos e telo preparado para o pleno de setembro.

3º.- Sobre a pregunta de se se poden pedir máis dos 45.000 euros do AGADER, e se a Presidencia pode destinar máis presuposto ao asfaltado de pistas, responde que este tema é unha petición conxunta de todos os concellos cara á Xunta para que destinen máis fondos para as pistas, que agora mesmo estase a arranxar, pero si ten razón en que teñen que destinar máis orzamento municipal para a reparación das pistas.

4º.- Con respecto á pregunta sobre cal é a situación de negociación dos propietarios para poder conseguir en San Xián de Sales ese espazo público tan necesario, responde que seguen tendo reunións, a última hai apenas unha semana. A Presidencia cre que cada vez están máis preto de lograr ese acordo, cre, dío con todos os matices, porque saben como é esta circunstancia. Quedaron en que, para ben ou para mal, a mediados de setembro tiñan que ter unha resposta definitiva porque se non terían que buscar outras vías.

5º.- Respecto ao carteiro, a Presidencia responde que non ten información de que se vaia a amortizar esa praza, o que si lle gustaría e que alguén a cubra definitivamente, xa que están rotando continuamente.

--Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSde-G-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á pregunta de se o tractor do concello ten algún permiso especial para empregar gasóleo agrícola e solicita ver a acta que se levantou sobre este, a Presidencia responde que ese vehículo non é que precise un permiso especial, que por ser vehículo agrícola está autorizado para usar gasóleo agrícola. Respecto á acta non hai ningún problema para que a vexa.

--Ás preguntas de dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- En relación á pregunta de se vai facer realmente algo co centro CEMIT, a Presidencia responde que si, que están esperando a que se recupere un pouco a normalidade. Di que a idea coa que están traballando é que a partir de outubro poidan estar facendo actividades máis ou menos normalizadas en xeral, e tamén coa aula CEMIT.

2º.- Con relación á queixa exposta porque volve a ser xuño, mes do orgullo, e despois do discurso que dera o ano pasado, pensou que este ano no boletín de xuño, na parte de igualdade, se sacaría algo sobre o orgullo e non saíu nada. Espera que o día 28 de xuño



saia nas redes sociais, e espera que para o próximo ano, ademais de facer algunha actividade, saia no boletín, a Presidencia responde que toma nota.

8º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Di que seguirá entón esperando polo informe da porcentaxe de saneamento e abastecemento, pero que ten ao concelleiro destes servizos e que pode botarlle unha man. Xa o levan pedindo varios meses, pero seguirá esperando e confía en que para setembro o teña, do mesmo xeito que esta tomada unha decisión sobre o espazo público de San Xián. Pregunta se lles pensa comentar cal é a proposta que se lle fai ao propietario e ata onde está a Presidencia disposta a chegar. Ela terá o teléfono aberto por se quere informalos.

A Presidencia responde que prefire esperar a que teña terminada a negociación, para ben ou para mal, e comprométese a ter unha Xunta de Voceiros e explicalo todo.

2º.- Observan que a Xunta de Goberno do 29 de xuño non foi presidida polo Sr. Alcalde, Pregunta cal foi o motivo e que porque non se lle informou ao seu grupo.

A Presidencia responde que se ausentou por un asunto persoal.

Dona Beatriz Amenal pregunta se estaba de vacacións.

A Presidencia repítelle que se trataba dun asunto persoal.

A voceira do PSdeG-PSOE lémbrale á Presidencia que é o Alcalde de Vedra e un asunto persoal non sabe se é suficiente, porque xa se ten escusado aquí de asuntos persoais e non houbo ningún problema.

A Presidencia contesta que veu a traballar ese día como calquera outro pero que pola noite non puido acudir á Xunta de Goberno por un asunto persoal.

Dona Beatriz Amenal lémbrale á Presidencia que o seu grupo pediu que cada vez que tivera un viaxe institucional se lles informase, ao igual que tamén lles gustaría que cando esta de vacacións, non queren saber a onde vai, pero que lles gustaría saber cando está ou cando non.

O Sr. Alcalde quere informar xa que vai estar de vacacións do 16 ao 31 de agosto.

3º.- Pregunta cal é a proposta que ten a Presidencia para solucionar o problema que existe cada ano coa limpeza de cunetas, porque é un tema que se repite e a Presidencia



xa falaba no anterior Pleno de que había dificultades. Saben que van comprar unha serie de maquinaria, pero non saben se vai haber operarios novos. Pregunta se lles pode informar de se teñen algunha previsión ou planificación e de como van a solucionar ese tema.

4º.- Onte asistiron á presentación do libro Vedra: unha historia visual, onde xa lles informaron que o libro non está á venda, pero que pensan facer outra tirada para veciños que estean interesados en adquirilo. Dende o seu grupo entenden que se debe dar publicidade no Boletín para que poida chegar a máis xente que este interesada en adquirilo.

5º.- Retomando o tema do atraso na adxudicación do SAF, lémbrale que a responsabilidade é da Presidencia e que a consecuencia máis directa é que as traballadoras que podían estar gozando desas melloras van ter que esperar por elas.

6º.- Para terminar quere felicitar ao grupo de goberno porque desde esta fin de semana vanse poder gozar das rebaixas na AP-9 que querían, despois de estar anos sen facer nada ao respecto.

--Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Gustaríalle que continuasen desagregando as indemnizacións aos membros da corporación como viñan facendo, e que non sabe o motivo de porque desta volta non se fixo.

2º.- Gustaríalle saber, con data no próximo Pleno, dos habitantes que dispón o concello.

--Don Carlos García, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Quere pedir que se acaben as obras pendentes na escola infantil de San Fins, que se acaba de pintar agora que hai bo tempo e que non están os rapaces alí.

2º.- Xa que están empezando a limpar as cunetas, solicita que tamén se limpen arredor dos postes, sinais, detrás dos contedores e os lavadoiros que están abandonados.

3º.- Solicita a colocación dun espello na Gándara, que xa o había antes pero agora desapareceu, porque cando se sae non hai visibilidade.

4º.- Pregunta como está o tema do centro de día e que novidades hai.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:



1º.- O outro día celebrouse unha reunión cos colexios polo tema da COVID-19 e para coñecer o seu traballo. Quere saber como vai aquela reforma, que teoricamente estaba planificada, da escola infantil. Había que facer unha reforma, illamentos térmicos, etc. Iso leva moitos anos nunha situación deplorable, xa o consultara en anos anteriores e sempre hai unha reforma pendente, e quere saber se se executará nesta lexislatura.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Como van os trámites para facerlle o patio aos rapaces de San Xián e se se pode facer pronto.

2º.- Cal é a previsión para adxudicar o SAF e se se vai facer antes de fin de ano.

A Presidencia responde a esta última pregunta que si, que a idea é esa.

Pregunta se esas melloras que tiñan para o 2021xa se van poder gozar xusto cando se remate.

A Presidencia contesta que a idea é que tan pronto a nova adxudicataria inicie o servizo automaticamente se implementen as melloras.

Dona Yolanda Vieiro di que pode haber un problema, porque hai trinta e pico traballadoras este ano, era un día libre máis, entón se todas as traballadores collen un día máis vai haber un problema.

A Presidencia responde que cando se implementen as melloras, se hai problemas xa se irán resolvendo e que son cuestións que xa se verán no seu momento.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e trinta minutos.